

SAL. 001238 13.02.17 09:47

## INSTRUCCIÓN NÚMERO VI/2017 DA XERENCIA DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA SOBRE CONTRATACIÓN ADMINISTRATIVA: OBRIGAS DE PUBLICIDADE NOS PROCEDEMENTOS NEGOCIADOS

Por acordo do Consello de Ministros do 16 de decembro de 2016, as entidades do sector público estatal **deben dar publicidade** a determinados contratos non suxeitos a regulación harmonizada (\*), incluso a aqueles que por razón da súa contía non sería preceptivo que se sometesen a este requisito. O documento en cuestión pode consultarse no seguinte enderezo:

<http://www.boe.es/boe/dias/2016/12/21/pdfs/BOE-A-2016-12115.pdf>

Se ben a USC non pertence ao sector público estatal, tendo en conta que o devandito acordo responde a unha advertencia realizada a España polo Consello da Unión Europea o pasado día 2 de agosto de 2016, con base nunha recomendación previa do propio Consello do 27 de xullo, a USC considera conveniente aplicar a dita instrución en aras á transparencia que debe rexer a contratación administrativa que xestiona a USC.

Tendo en conta o anterior, apróbase a presente instrución relativa ás normas de publicidade dos procedementos negociados:

- A partires do 1 de marzo de 2017 a calquera contrato que se tramite por procedemento negociado deberá dársele publicidade no perfil de contratante da USC no enderezo electrónico <http://www.usc.es/contratacion> por parte do Servizo de Xestión Económica (SXE). Exceptúanse deste trámite os contratos menores (\*\*).  
Deberán ser obxecto de publicación, entre outros documentos, o Anexo I de especificacións ao PCAP e o prego de prescricións técnicas (PPT). Estes documentos deberán ter entrada no SXE coa antelación suficiente para a súa tramitación.
- Non se poderán cursar as invitacións ás empresas ás que se teña intención de invitar a participar no procedemento de licitación, ata que estea publicada toda a información anterior no perfil de contratante da USC. A data da publicación será comunicada polo SXE ao responsable do contrato.
- Calquera operador económico poderá presentar unha primeira oferta que deberá ser negociada e avaliada xunto coa das empresas invitadas a participar na licitación polo propio responsable do contrato.
- O prazo para presentar ofertas non poderá ser inferior a 7 días hábiles dende que se anuncie a licitación no perfil de contratante.

Santiago de Compostela, 13 de febreiro de 2017

O xerente



José Manuel Yllanueva Prieto

(\*) Os contratos suxeitos a regulación harmonizada son aqueles que superan as seguintes contías (IVE non incluído): 209.000 euros para subministracións e servizos e 5.525.000 para obras. Xa que logo, a presente instrución afecta a todos os contratos que non acaden as ditas contías.

(\*\*) Os contratos menores son aqueles que non superan as seguintes contías(IVE non incluído): 18.000 euros para subministracións e servizos e 50.000 para obras. Xa que logo, a presente instrución non afecta aos contratos que non acaden as ditas contías.